

PROCEDEMENTO DA FASE DE RESULTAS

As prazas de resultas adxudicaranse por orde de recepción da solicitude en liña.

No caso de non recibir a notificación de aceptación da praza solicitada no mesmo día ou no día seguinte, deberá entender desestimada a solicitude e poderá volver presentar un novo formulario de solicitude, para as prazas ofertadas en resultas nos días sucesivos.

Se a persoa solicitante figurase na lista de espera dalgún campamento, deberá indicalo no formulario para, de ser o caso, dala de baixa na listaxe de reserva antes da adxudicación da praza solicitada en resultas (só se dará de baixa na lista de reserva se obtén praza en resultas).

A solicitude de praza deberá facerse de maneira individual, para un único solicitante.

No caso de que cada solicitante poida optar a máis dun campamento, en función do ano de nacemento, poderá facer a reserva de, como máximo, tres prazas por orde de preferencia.

Unha vez comprobada na aplicación informática a dispoñibilidade da praza solicitada, asignarase esta á persoa interesada e comunicarase mediante correo electrónico ao enderezo indicado no formulario, que disporá dun prazo máximo de **dous días** para presentar a documentación relacionada no artigo 8, dispoñible neste enlace:

<http://xuventude.xunta.es/accion-de-veran/campamentos-anexos-e-documentacion-a-presentar>

A documentación **debe presentarse** a través da sede electrónica:
<https://sede.xunta.gal>

Poderá empregar o **código de procedemento PR004A**, no caso de non ter expediente aberto na convocatoria 2023.

UNIDADES DE DESTINO ás que debe dirixir a documentación:

- A12011020 - Servizo de Xuventude e Voluntariado da Coruña (para campamentos na provincia da **Coruña**).
- A12027282 - Servizo de Xuventude e Voluntariado de Lugo (para campamentos na provincia de **Lugo**).
- A12033633 - Servizo de Xuventude e Voluntariado de Ourense (para campamentos na provincia de **Ourense**).
- A12011049 - Servizo de Xuventude e Voluntariado de Vigo (para campamentos na provincia de **Pontevedra**).
- A12X01326 - Servizo de Actividades para a Xuventude (no caso de **intercambios noutras CCAA**).

No caso de non aceptar a adxudicación, deberá indicalo contestado ao correo electrónico de comunicación da adxudicación, no prazo de dous días.